

Falso techo cae sobre unha paciente en plena consulta no novo hospital de Vigo.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 12 Agosto 2015 17:46



Un novo contratempo xurde nas instalacións do novo hospital Álvaro Cunqueiro. Os feitos foron confirmados a este medio por representantes sindicais. Aparentemente a persoa non sufriu máis dano que o golpe na cabeza e o susto lóxico polo imprevisto. Trátase do [segundo incidente de importancia](#) en menos dunha semana, debido a fallos nas instalacións recentemente inauguradas.

Fontes sindicais sinalan que este mércores pola mañá presentaron ante a Inspección de Traballo unha lista de irregularidades e fallos importantes detectados no hospital. Os representantes dos traballadores afirman estar preocupados pola seguridade tanto dos funcionarios como dos usuarios do hospital. Aspectos que, anuncian, serán feitos públicos o vindeiro venres nunha rolda de prensa.